



UNIDADE 1

De deseño

Pregúntelles aos seus alumnos: **Credes que a casa dunha persoa di moito sobre ela?** Logo, escoite os seus comentarios e remítaos á portadiña da páxina 9. A seguir, pídalles que miren a fotografía e fágalles as seguintes preguntas: **Que estancia da casa é? Como a describiríades? Que cousas aparecen?** Se non o din, fágalles saber que se trata dunha parte dun salón que poderíamos describir como moi moderno ou “de deseño”. Os elementos que aparecen son dous sofás de pel vermellos e con estrutura metálica; unha mesa de centro en wengué, sobre a que hai un floreiro decorativo; unha alfombra vermella; unha cadeira de brazos xiratoria tamén vermella con base metálica; unha lámpada de pé, plana, cuxa forma se asemella a unha pantalla; unha especie de estante que separa a estancia e un cadro.

A continuación, distribúa os estudantes en pequenos grupos e pídalles que inventen o perfil dunha persoa que pode vivir nesta casa: idade, profesión, lugar de residencia, gustos e afeccións...

Para rematar, realice unha posta en común e preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: deseñar un obxecto que solucione un problema da vida cotiá.



1. OBXECTOS SINGULARES

Comentar para que serven unha serie de obxectos. Ler un texto sobre inventos galegos e opinar sobre eles.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os estudantes á páxina 10 e pídalles que observen as fotografías. A seguir, pregúntelles que poden ser os catro obxectos que aparecen e para que cren que serven. Déalles uns minutos e, logo, realice unha posta en común para que comparen as súas hipóteses.

B. Convídeos a leren o texto para descubriren para que serven en realidade os devanditos obxectos e cales foron os seus respectivos creadores. Cando rematen, pídalles que comproben se as súas hipóteses eran acertadas ou cales máis se aproximaron á resposta correcta.

C. Pídalles agora que lean as cinco opinións que se ofrecen sobre os inventos anteriores e que comenten entre todos con cal ou con cales están de acordo e que outras opinións teñen. Indíquelles, ademais, que falen sobre outras cuestións: cal dos obxectos lles parece máis útil, cal lles faría máis ilusión ter, se lle regalarían algún a alguén e por que etc.

E DESPOIS

Se os estudantes mostran curiosidade polo tema dos inventos, promova unha conversa sobre produtos que non existían antigamente e que hoxe en día facilitan moito a vida das persoas. Pode mencionar, como exemplos, o teléfono móbil, a cámara dixital, o GPS... Anídeos a que opinen sobre a utilidade deses obxectos, sen deixar de mencionar as súas vantaxes e desvantaxes.

2. QUE HORROR!

Identificar obxectos a partir dunha serie de conversas. Distinguir unha valoración positiva dunha negativa. Especificar ou describir as características dun produto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

De acordo coa secuenciación da actividade, os seus alumnos realizarán unha escoita en dúas fases, nas que terán que detectar informacións diferentes. Insista en que se trata de solucionar o problema que se lles formula en cada caso, non de entender absolutamente todo, polo que farán uso de distintas estratexias. No ítem A, por exemplo, é máis importante que lles presten atención ás descrições dos obxectos, mentres que en B terán que fixarse máis na súa valoración.

No ítem C, pídeseles aos estudantes que simulen como pedirían os obxectos nunha tenda, para o que deberán especificar algunha das súas características. O desenvolvemento de estratexias compensatorias é un dos aspectos que se traballan na presente unidade, polo que lle suxerimos que non se deteña en explicacións detalladas neste punto, senón que se limite a axudalos coas súas producións.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado o título da actividade (**Que horror!**) e dígalles aos seus alumnos que se trata dunha expresión de valoración. Logo, pregúntelles se cren que é positiva ou negativa, o que seguramente non suporá unha dificultade para eles. Non obstante, anídeos a que suxiran expresións similares e outras que teñan un valor contrario, é dicir, positivo. Escriba no encerado os símbolos + (positivo) e - (negativo) e vaia apuntando as expresións que acheguen os estudantes debaixo do que corresponda en cada caso.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os seus alumnos de que van escoitar seis conversas e que, en primeiro lugar, teñen que detectar a que obxecto se fai referencia en cada unha delas. Pídalles que escriban o número da conversa correspondente no círculo que acompaña cada produto. Unha soa escoita debería ser suficiente, pero, se observa que é necesario, proceda a unha segunda audición.

Solución

1. *aparello de masaxes*; 2. *cazadora*; 3. *obxecto decorativo*; 4. *aparello multiusos de cociña*; 5. *canapé abatible*; 6. *pota a presión*.

B. Dígalles aos estudantes que van escoitar de novo os diálogos anteriores, pero que nesta ocasión teñen que dicir se son positivas ou negativas as valoracións que se fan dos diferentes artigos.

Solución

1. *positiva*; 2. *negativa*; 3. *negativa*; 4. *positiva*; 5. *positiva*; 6. *positiva*.

Lémbrese de aclarar que a valoración do obxecto na conversa número dous non é negativa en si mesma, senón que o é en relación coa necesidade da persoa que fai a compra.

C. Agora, pídalles aos seus alumnos que imaxinen que están nunha tenda onde poden comprar todos os produtos mencionados nos diálogos que escoitaron. Leve á práctica unha actividade de dramatización na que deberán simular ser o cliente ou o dependente e, polo tanto, comprar ou vender un dos artigos.

E DESPOIS

Faga fotocopias da transcripción deses diálogos (**ficha 1**) e ofrézallelas aos seus alumnos. Pídalles que se fixen nos recursos que utilizaron os falantes para valorar, para reforzar un argumento, para poñer

unha obxección... A continuación, indíquelles que, en parellas, analicen as conversas e que detecten as diferentes estruturas empregadas. Se lle parece conveniente, remítaos ás epígrafes “Valorar” e “Superlativos e outros gradativos” da sección de gramática, na páxina 13.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 90, exercicio 1.



3. QUE É?

Dicir a que cousas se refire unha listaxe de descrições. Observar e reflexionar sobre o funcionamento das frases relativas con preposición, así como sobre as contraccións de artigos e preposicións.

ANTES DE COMEZAR

Se lle parece oportuno, propónalles aos seus alumnos a actividade da **ficha 2**, para que saiba cales son as preposicións que coñecen do galego. Facilítelles unha fotocopia das frases e pídalles que, en parellas, subliñen todas as que atopen.

Logo duns minutos, realice unha posta en común do seguinte xeito: por quendas, cada unha das parellas ten que dicir as preposicións que atopou nunha das frases. Despois, as demais parellas van dicir se están ou non de acordo e xustificalo. Axúdelles en cada caso para que se recollan todas as mostras ofrecidas. Se observa que teñen problemas para entender o significado dalgunha delas, ánimoos a que intenten descubrir o seu valor no contexto e, de ser necesario, proporciónelles máis exemplos.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos estudantes que van ler cinco frases nas que se fai referencia a unha serie de obxectos ou de lugares, pero sen mencionalos. Pídalles que escriban, na liña de trazos correspondente, de que se fala en cada caso. Logo, realice unha posta en común.

Solución

1. *un armario*
2. *unhas tesoiras*
3. *amendoas/cacahuètes/semende de xirasol*
4. *os cinemas*
5. *un peite*

B. Pídalles agora que volvan ás frases e que reparen nas palabras que aparecen en verde e preguntélles que tipo de palabras son. escoite a súas respostas e, se non din que se trata do pronome relativo **que**, dígallo vostede.

A continuación, preguntélles aos estudantes se saben a que palabra se refire en cada unha das frases o relativo **que**. Se lle parece boa idea, pídalles que subliñen o substantivo antecedente e que debuxen unha frecha dende este ata o relativo que o substitúe. Seguramente poderán facelo sen moita dificultade, pero estea atento para que non queden dúbidas ao respecto.

C. Indíquelles que se fixen agora no que vai marcado en vermello e preguntélles se lembran de que tipo de construción se trata. Se non mencionan que son contraccións de artigos determinados e preposicións, dígallo vostede. A seguir, preguntélles que elementos cren que contraen en cada caso. Déalles uns minutos para que o pensen e faga logo unha posta en común, na que se aclare a resposta.

Solución

No = *en + o*
Coa = *con + a*
Das = *de + as*
Aos = *a + os*
Co = *con + o*

A seguir, preguntélles por que cren que nesas construcións son necesarios os dous elementos (o artigo e mais a preposición). Se non saben a razón, fágalles notar que, por unha banda, o relativo **que** necesita un artigo que o determine que, neste caso, vai concordar en número e en xénero co antecedente ao que substitúe. Marque no encerado a relación de concordancia entre o antecedente e o artigo que acompaña o relativo, para que lles resulte máis claro, como, por exemplo:

Moble (masculino, singular) → o
Ferramenta (feminino, singular) → a
Sementes (feminino, plural) → as
Lugares (masculino, plural) → os
Algo (masculino, singular) → o

Por outra banda, explíquelles que, nestas frases, os verbos que seguen o pronome relativo **que** esixen a presenza dunha preposición para especificar o seu significado. Volva escribir no encerado os exemplos para ilustrar a situación en cada caso. Daquela, subliñe as palabras que van en grosa.

Gardar a roupa **en**...

Cortar papel **con**...

Obter aceite **de**...

Ir ver filmes **a**...

Peitearse **con**...

A continuación, dígalles aos seus alumnos que van practicar a construción deste tipo de oracións e remítaos ao cadro verde e branco. Explíquelles que aí atoparán os elementos necesarios para construíren catro oracións que conteñen unha construción relativa. Pídalles que o fagan individualmente, pero ánimoos a compararen as súas frases en parellas antes da posta en común.

Solución

1. Un chapeu é unha peza de vestir **coa que** cobres a cabeza.
2. Unha farmacia é un establecemento **no que** compras medicamentos.
3. A clonación é un tema **sobre o que** hai moita polémica.
4. Un ambulatorio é un lugar **ao que** vas cando estás enfermo.

E DESPOIS

Pídalles aos estudantes que escriban dúas oracións de relativo nas que teñan que empregar preposicións diferentes das que apareceron nos exemplos desta actividade. A seguir, realice unha posta en común e insista en que sexan eles os que detecten se hai algún erro nas producións dos compañeiros.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 91, exercicios 3.

4. QUE TEN OU QUE TEÑA?

Observar a diferenza de significado entre as oracións de relativo con indicativo e as oracións con subxuntivo.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos ás dúas viñetas que ilustran a actividade e pídalles que comenten que diferenza atopan entre o que se di en cada unha. Os seus alumnos verán que a forma verbal resaltada en grosa non é a mesma nas dúas oracións, pero tente que vaian máis alá e insista en que se fixen nas ilustracións para atopar a diferenza.

Solución

As dúas intervencións son idénticas, agás polo modo no que vai o verbo da oración relativa: na frase da esquerda, está en indicativo, mentres que, na da dereita, en subxuntivo. Isto indica que no primeiro caso o falante se refire a unha secretaria concreta, que coñece. No segundo, o falante non busca unha persoa específica, senón alguén con esas características.

Unha vez aclarada esa diferenza, remita os estudantes á epígrafe “Frases relativas” da sección de gramática, e vexa con eles o seu contido.

B. Coméntelles aos seus alumnos que van traballar con tres pares de frases nas que a única diferenza é o modo no que se atopa o verbo da oración relativa: ora aparece en indicativo, ora en subxuntivo. Pídalles que marquen, en cada caso, a opción A ou B, segundo corresponda a resposta correcta á pregunta que se formula.

Solución

1. A. Si/B. Non; 2. A. Non/B. Si; 3. A. Si/B. Non

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 91, exercicio 4.

5. É DE PAPEL?

Facer e contestar preguntas para adiviñar un obxecto.

ANTES DE COMEZAR

Nesta actividade proporcióname un pequeno cadro con dúas estruturas útiles para falar das características dun obxecto: **É de + substantivo** e **serve para + infinitivo**. Se o considera oportuno, realice a seguinte actividade para descubrir os recursos que adoitan empregar os seus alumnos e para que se amplíe entre todos o repertorio de estruturas útiles.

Móstralles tres obxectos que leve vostede consigo (un rotulador, un teléfono móbil, unha carteira...) e pregúntelles que características poderían definir cada un deles. Tome nota no encerado das propostas correctas e déixeas escritas ata que finalice a actividade.

PROCEDEMENTOS

Dirixa a atención dos estudantes á listaxe de palabras que se ofrece na actividade e pídale a un voluntario que as lea en voz alta. Coméntelles que van xogar a adiviñar esas palabras, para o que deberán formar parellas.

A seguir, explíquelles que, por quendas, un membro da parella vai escoller unha das palabras da lista e o outro terá que descubrir de cal se trata, para o que poderá empregar os recursos proporcionados no cadro de axuda. Recórdelles que o que elixiu a palabra só poderá contestar **si** ou **non**. Cando observe que xa traballaron o suficiente, leve a cabo unha posta en común na que cada parella defina as características que lles serviron para identificar os obxectos en cada caso. Anime os demais equipos a achegaren outras características posibles.

Por último, remita os estudantes á epígrafe “Falar do funcionamento e das características” da sección de gramática, na páxina 13, e repase con eles o seu contido.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 90, exercicio 2.

Páxina 92, exercicio 7.



practicar
e comunicar

6. ESTÁ DE MODA

Comentar algúns deseños de moda. Contestar un cuestionario e decidir que peza de roupa lle regalarían ao compañeiro.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se lle parece necesario, procure e leve á clase fotografías de pezas de roupas extraídas de revistas de moda, diferentes das que proporciona o libro.

ANTES DE COMEZAR

Como actividade previa, fomenta unha charla entre os estudantes sobre o mundo da moda, na que pode formular preguntas como: **Interésavos o mundo da moda? Seguides as tendencias de cada tempada ou preferides conservar un mesmo estilo? Credes que as propostas dos deseñadores e dos fabricantes se adaptan ás necesidades da xente?**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nas pezas das fotografías e que comenten cun compañeiro que lles parecen. Remítaos á mostra de lingua para ofrecerlles un modelo de interacción. Asemade, suxerímoslle que lles recorde o contido das epígrafes “Valorar” e “Superlativos e outros gradativos” da sección de gramática, na páxina 13, para que empreguen os máis variados recursos nas súas producións.

A continuación, dígalles que sigan traballando en parellas e, cando teñan todos os modelos comentados, anímeos a que expliquen na clase se teñen gustos parecidos ou non.

B. Remita agora os estudantes ao cuestionario sobre a roupa e a moda e pídalles que respondan, individualmente, as dez preguntas propostas. Asegúrese de que todos comprenden o significado do refrán que aparece ao final e, de non ser así, explíquello.

C. Unha vez que terminen de contestar o cuestionario, indíquelles que comparen as súas respostas coa mesma parella coa que traballaran no ítem A. Logo, propóñalles que comenten entre todos con que peza agasallarían o seu compañeiro no seu aniversario, xustificándoo e describindo a peza con detalle. Lembre dicirlles que poderán escollela entre as que figuran no libro, as das fotografías de revistas que lles levou e que, se o prefiren, poden inventar e deseñar eles mesmos os modelos.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 92, exercicios 5 e 7.

7. PODES USALO NA COCIÑA?

Facerlle preguntas a un compañeiro para adiviñar o obxecto no que está a pensar.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Na actividade 5, os seus alumnos xa xogaron a adiviñar palabras. Para que a actividade non lles pareza moi repetitiva, proporciónelles vostede un modelo de xogo culturalmente xeneralizado en moitos lugares (probablemente, xa o coñezan a maioría dos estudantes). Ao explicarlles a dinámica do ítem B, suxíralles que, para responder as preguntas dos seus compañeiros, no canto de contestaren *si* ou *non*, digan **frío, frío** ou **quente, quente**, respectivamente.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que pensen nalgún obxecto que teña especial importancia na súa vida cotiá e déalles uns minutos para que respondan mentalmente as preguntas propostas na folliña.

B. Agora, agrúpeos en parellas e pídalles que tenten adiviñar o obxecto no que está pensando o seu compañeiro, facéndolles as preguntas que aparecen no ítem A e mais as que poidan necesitar. Como na actividade 5, só poderán responder **si** ou **non**, pero teña en conta a suxestión que lle facemos en “Observacións previas”.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 92, exercicio 6.

8. TES...?

Atopar na clase unha serie de obxectos de acordo cunhas características determinadas ou cunha utilidade concreta e xustificalo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É importante que os estudantes comprendan que as descripcións dos obxectos requiridos aparecen nunha frase cun verbo en subxuntivo porque non aluden a un obxecto en concreto, senón a calquera que cumpra esas características.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que formen novas parellas e explíquelles que van levar a cabo unha especie de concurso: cada un dos membros das distintas parellas ten que atopar o maior número posible dos obxectos que figuran na listaxe. Para iso, terán que preguntarlles aos demais compañeiros se os teñen. A parella gañadora será a que consiga reunir máis obxectos. Remítaos á mostra de lingua, para que vexan un modelo de produción e anímeos a que se movan pola aula para realizaren a tarefa.

B. Cando terminen de buscar os obxectos, pídalles a cada parella que presente ante o resto da clase os obxectos que conseguiron e que argumente por que cumpren as características que se requirían. As demais parellas poderán dicir se están ou non de acordo.

9. DESEÑO DE ENCARGA

Deseñar un obxecto imaxinario.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que imaxinen que o departamento de investigación e desenvolvemento dunha empresa lles ofrece a posibilidade de crear o produto que eles queiran sen ningún tipo de limitación. Distribúalos en parellas (preferentemente, distintas ás que realizaron as actividades anteriores) e dígalles que deberán escoller o obxecto que desexan crear,

especificar a utilidade que ten e describir as súas características. Déalles tempo abondo para facelo.

B. Agora, pídalle a cada parella que comente con toda a clase o que pensaron. A continuación, ánimoos a que fagan preguntas para coñeceren máis detalladamente as creacións dos seus compañeiros.

Cando todas as parellas teñan rematadas as súas explicacións, propóñalles que, entre todos, elixan a idea que lles pareceu máis orixinal.

10. SOLUCIÓN PARA TODOS

Ler os problemas de tres persoas e deseñar un obxecto ou aparello para solucionarlos.

PROCEDEMENTOS

A. Convide os seus alumnos a que vexan as fotografías que ilustran a actividade e dígalles que as tres persoas que aparecen nelas contan algúns problemas prácticos que adoitan ter.

A continuación, pídalles que lean os seus testemuños e, cando terminen, propóñalles que, entre todos, comenten se eles teñen problemas parecidos aos que acaban de ler. Se teñen outros diferentes, ánimoos a que llelos conten aos demais compañeiros.

B. Pídalles que formen grupos de tres e que decidan cal das situacións (entre as descritas no libro e as que comentaron os compañeiros) lles gustaría tentar resolver. Cando o fagan, dígalles que deberán deseñar o produto que solucionaría o problema que escolleron: terán que poñerlle un nome, explicar para que serve e a quen vai dirixido. Dígalles ademais que, se o quixeren, poderán incluso presentar un debuxo.

Nesta fase da actividade, os estudantes poderán exercitar todo o aprendido ao longo da unidade, polo que lle recomendamos que lle preste especial atención á interacción entre eles e que lles axude coas dúbidas ou cos problemas lingüísticos que puidesen ter.

C. Pídalle agora a cada unha das parellas que presente o seu proxecto ante os demais compañeiros. Logo, ánimoos outra vez a que, entre todos, escollan o deseño que lles pareceu máis útil ou que poderá axudar a máis persoas.



11. MODA GALEGA

Ler un texto sobre a moda galega e comentar os aspectos destacados.

ANTES DE COMEZAR

Inicie unha conversa sobre a moda galega, facéndolles aos seus alumnos preguntas do tipo: **Que sabedes sobre a moda galega? Coñecedes marcas galegas? Algunha vez fostes a unha tenda de roupa galega?**

Anímoos a que participen na charla e escoite atentamente as súas achegas. Asemade, pode pedirles que digan os nomes que coñezan de marcas ou tendas de roupa galegas.

PROCEDEMENTOS

A. Convide os estudantes a que lean o texto para descubriren máis cousas sobre a moda galega. Logo da lectura, pídalles que comenten cun compañeiro os aspectos ou as informacións do texto que máis lles chamaron a atención. Concédalles uns minutos e faga a seguir unha posta en común na que poderán contrastar a información do texto cos datos que achegaron en “Antes de comezar”.

B. Para rematar, pregúntelles se teñen algunha peza de vestir dalgunha das marcas galegas mencionadas no texto, ou doutras, e pídalles que o comenten cos compañeiros. Poden falar de aspectos como a calidade, o deseño, o material etc. e tamén dicir se lles gusta ou non e se volverían mercar máis pezas da mesma marca.

Teña en conta que, se os estudantes xa fixeron comentarios parecidos na actividade previa, é mellor que obvie este ítem.

E DESPOIS

Para sacarles máis proveito aos deseños que figuran na actividade, pregúntelles aos seus alumnos de cal dos deseñadores citados no texto cren que son. Dígalles que poden intentar descubri-lo, por exemplo, a partir dalgunha información que achega o texto sobre o estilo dalgúns dos modistos. Logo dun tempo, realice unha posta en común e, de non daren coa resposta, facilítellela vostede.

Solución

Arriba: *María Barros*

Abaixo: *Adolfo Domínguez*